

## FISCALIDADE IVE

1. Don Juan Fdez Rguez con D.N.I.- 33.554.651-L profesional da delineacións,, tivo os seguintes ingresos e gastos durante o ano actual:

| Trimestre | Ingresos  | Gastos    |
|-----------|-----------|-----------|
| 1         | 9.015,18  | 11.419,23 |
| 2         | 3.606,07  | 1.803,04  |
| 3         | 10.217,21 | 4.808,10  |
| 4         | 12.621,25 | 7.212,15  |

Determina-lo importe que ingresará en cada un dos trimestres e cumprimenta.-lo modelo 300, correspondente ó segundo trimestre.

2. Das seguintes operacións que se citan a continuación, indica cales están suxeitas a I.V.E. cales non o están e cales están exentas:

- Adquisición de bens.
- Pago a médicos .
- Compra de artigos de oficina.
- Pago ó persoal.
- Pago a profesionais .
- Pago de primas de seguros.
- Comisións por tarxetas de crédito.
- Adquisición dun local.
- Importación de bens

3. Un suxeito pasivo do IVE durante un determinado trimestre efectuou vendas por un importe total de 16.000 euros. Como conceptos adicionais nas facturas que remitiu ós seus clientes, incluíu os seguintes conceptos:

- ◆ Envases 2.000
- ◆ Portes 2.500
- ◆ Gastos de carga e descarga 670
- ◆ Descontos por pronto pago 886

Calcula-la base imponible que corresponde ó IVE devengado neste trimestre a este suxeito pasivo supoñendo que reciben subvencións vinculadas ó prezo dos produtos que venden por un importe de 2.560 Euros.

4. O empresario Don Ángel Navas adicado ó comercio ó por maior de telas, realizou durante os primeiros trimestres do ano as seguintes operacións:

### 1º trimestre:

- Ingresos de actividade 24.040,48
- Pagos ós empregados 4.327,29
- Compra de materiais 3.005,06
- Teléfono, luz e auga 1.171,97
- Aluguer do local 3.005,06
- Compra de maquinaria para

A actividade 6.010,12

A maquinaria foi adquirida a unha empresa francesa, senda transportada directamente desde Francia a España.

**2º Trimestre:**

- Ingresos da actividade 21.035,42
- Pago a empregados 4.507,79
- Compra de materiais 2.704,55
- Teléfono, luz e auga 631,06
- Aluguer do local 3.005,06

Efectua-la declaración-liquidación dos dous trimestres cumprimentando os correspondentes modelos

5. Un empresario realizou durante o ano as seguintes operacións:

|                                | 1º     | 2º     | 3º     | 4º     |
|--------------------------------|--------|--------|--------|--------|
| Ventas totales                 | 39.000 | 38.000 | 28.000 | 84.000 |
| Ventas con dereito a deducción | 23.000 | 28.500 | 15.000 | 44.000 |

Si supoñemos que o porcentaxe de prorrata definitiva e do ano anterior foi de 82% determina-la cota a ingresadas en cada un dos tres primeiros trimestres así como do 4º trimestre do ano.(falta dato das compras)

6.Unha empresa compra no 2002 unha máquina por 120.202,42 euros,soportando en IVE do 16% .

Determina-la deducción que corresponda, efectuando as regularizacións cada ano, tendo en conta os seguintes datos:

| Ano  | Porcentaxe de prorrata |
|------|------------------------|
| 2002 | 70%                    |
| 2003 | 85%                    |
| 2004 | 95%                    |
| 2005 | 100%                   |
| 2006 | 55%                    |